# Vaia tropa!

**Antón Cortizas/Mª Reyes Guijarro (ilustracións)**

*Edicións Xerais. 12.50 €*

Libro de poesía do absurdo, do sen sentido, *Vaia tropa!* está pensado para ser lido de formas diversas. Hai poemas que o lector terá que ler de esguello e noutros precisará usar un espello e así poder ler do verso o reflexo. Como non era cousa de poñer só letras, alguén debuxou algunhas caretas. E como os debuxos están contrafeitos usarás o espello para velos con xeito. Ao final do libro o autor convídate a que inventes algún compañeiro para toda esta xente. Trátase dun libro xogo, no que a sorpresa da lectura e das ilustracións conforman un conxunto que non pasará desapercibido ao lector.

